

BASES DO SORTEO DIA DO PAI 2021
ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVIZIOS
//EMGROBES//

1. A Asociación de Empresarios de Bens e Servizios **//EMGROBES//** realizará, pola campaña do día do Pai, o sorteo **de 5 premios** consistentes en, un principal **de 100 E** en vales compra e catro adicionais **de 50 E** en vales compra cada un. **Total premios de 300 E** en vales de compra entre os clientes do CCa que participen na campaña.
2. A campaña terá unha duración dende o **día 5 de marzo** de 2021 ata o **día 19** de marzo de 2021, ambos incluídos.
3. Os gañadores/as do Sorteo poderán utilizar os vales de compra nos establecementos socios participantes na campaña do día do Pai, no prazo dun mes.
4. Para participar no sorteo, será necesario cubrir un boleto poñendo como mínimo nome e apelidos e un teléfono de contacto. Os boletos serán entregados polos comerciantes ós clientes pola compra nos establecementos participantes na campaña, estes boletos terán que estar validados co selo ou firma do establecemento pertencente ó C.C.A. "De Tendas"
5. Participar permite a incorporación dos seus datos indicados coa finalidade de ter coñecemento da súa identidade e sen que **EMGROBES** poida, de calqueira xeito, utilízalos con diferentes fins. Así mesmo o concursante autoriza a publicación dos seus datos nos medios de comunicación no suposto de resultar premiado.
6. O sorteo realizarase o día 23 de marzo de 2021 na sede de Emgrobes en Luis Casais, 1, 1 . Todos os boletos introducíranse nunha urna e unha persoa sacará os 5 boletos premiados, e tamén dous boletos máis de reserva, para o caso de que algún dos agraciados non se puidera localizar ou por motivos alleos a **EMGROBES** non poida disfrutar do citado premio.
7. Ó sorteo poderá asistir calquer asociado.
8. Para participar neste sorteo é imprescindible coñecer as bases e aceptalas de acordo con tódolos termos establecidos nas mesmas. A participación no sorteo supón a aceptación expresa destas bases. É condición indispensable para beneficiarse deste sorteo, cumprir os requisitos esixidos para a mesma, participando en él de boa fe, excluíndose deste sorteo calquera persoa/s na que a súa intención sexa, non só beneficiarse da mesma, se non perjudicar ou danar con elo en calquer modo a **EMGROBES**.

